



BUEU — CABO DE UDRA

Club de Montaña O Carroucho

21 de Abril de 2012

Nesta ocasión propoñemos un percorrido por terras de Bueu. Saímos ao carón da Igrexa de San Martiño de Bueu. Construída en 1865 sobre unha igrexa románica. O Calvario é un monumento raro en Galicia, pois só existen tres. O de Bueu remóntase á segunda metade do século XVII, cando as tres cruces se atopaban no adro da primitiva capela de Santos Reis. Cristo preséntase xa morto e con tres cravos moi marcados, mentres que os pés de Dimas e Xestas están cravados por separado e coas mans atadas.

Despois dun breve percorrido achegámonos ata o regato Canudo ascendendo pola súa beira chea de muíños dos que destacan os de A Laxe, Santos, Vilas e o Muíño da Presa. Deste xeito continuamos o percorrido ata achegarnos á aldea de Meiro. Cruzando polo barrio de Fondiaga collemos un carreiro entre leiras que nos achega á beira do monte Ermelo. Atravesamos un vello bosque que nos conduce ata a Esculca, monte corado pola Cruz de Ermelo que se alza ata os sete metros de altura sobre unha rocha. Atravesando a pequena aldea de Ermelo dirixímonos á beira do monte Paralaia. Cruzamos un fermoso bosque de faias e bidueiros, seguimos paralelos a unha pista forestal e o camiño lévanos ata a ladeira sur da Península do Morrazo onde atopámonos un outeiro, por riba da Vila de Moaña. Deixamos atrás os outeiros do monte Chan e Paralaia para continuar o noso percorrido nun suave descenso por fermosos camiños a través de




| Datos Básicos | |
|----------------------|-----------------|
| Comezo: | Bueu |
| Remate: | Cabo de Udra |
| Distancia lineal: | 23 km. |
| Duración aproximada: | 7 horas |
| Dificultade: | Baixa |
| Altura máxima: | 452 m |
| Altura mínima: | 0 m |
| Acumul.: | ↗764 m / ↘756 m |

bosques de bidueiros, eucaliptos, carballos e loureiros. O camiño lévanos ata a ermida de San Cosme. Un pouco máis adiante atopamos un paso baixo a estrada que nos levará en suave baixada ata a igrexa de San Martiño, onde comezamos a ruta. Só nos queda percorrer unha rúa ata chegar á praia de Bueu que nos leva ata o porto de Beluso. Neste punto comeza a última parte da ruta, un fermoso carreiro á beira do mar que, atravesando innumerables calas e revoltas entre piñeiros e eucalip-

tos, lévanos directos a praia Mourisca e Cabo Udra. O percorrido por cabo Udra permite coñecer a costa atlántica en estado puro.

No inverno, ofrécenos o espectáculo do mar bravo batendo contra os cantís. No verán, podemos pasear tranquilamente ou tomar o sol nas afastadas praias. As rochas de estrañas formas acentúan a espectacularidade da paisaxe, na que atopamos tamén vestixios doutros tempos.

A riqueza natural deste espazo protexido non só lle valeu a inclusión na Rede Natura 2000, senón tamén as declaracións de Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN). Son en total 8 quilómetros de fronte costeira e 443 hectáreas de auga que albergan unha singular biodiversidade.



Próxima cita:
5 Maio
Laxe



O Carroucho
www.carroucho.org